

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RELIXIÓN CATÓLICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES PEDRAS RUBIAS
CURSO: 4º ESO
MATERIA: Relixión católica
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN
DATA: 15 de maio

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>4º ESO</p> <p><i>O sentido relixioso da persoa</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á procura de sentido. <p><i>Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa. - Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade. - Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo. <p><i>A Igrexa xeradora de cultura</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender que algunhas creacións culturais son a expresión da fe. <p><i>O Coidado da Casa Común</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Descubrir e valorar a natureza e os coidados a todos os seres vivos e ao planeta, a nosa casa común 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresa, guiándoo, as semellanzas e diferenzas entre xuízos a partir de testemuñas que exemplifiquen unha forma de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade coa lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas. - Aporta, usando pautas guiadas, o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen, con argumentos axeitados. - Comprende a influencia das creacións relixiosas na construción da cultura. - Descubre e respecta o valor dos COIDADOS

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	Procedementos: -Análise de producións do alumnado
	Instrumentos: -Caderno dixital, investigacións, elaboración de textos, tarefas de aplicación, síntese e valoracións.
	Criterios de cualificación : A realización e entrega de tarefas propostas.
CUALIFICACIÓN FINAL	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: . A cualificación da avaliación ordinaria será a media da 1ª e 2ª avaliación que poderá ser incrementada ata un máximo de 2 puntos en función das tarefas entregadas ao longo do terceiro trimestre. Estes dous puntos a maiores poden ser obtidos realizando as tarefas de repaso e e ampliación propostas.
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none">• No caso de ser presencial:<ul style="list-style-type: none">○ Proba escrita: 100% Cualificación• No caso de non ser presencial:<ul style="list-style-type: none">○ Entrega de traballo/actividades: 100% Cualificación

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

ACTIVIDADES	ACTIVIDADES
	-Tendo en conta que non hai alumnado suspenso, as actividades estarán dirixidas ao repaso de contidos xa vistos así como algunha ampliación para a subida da cualificación.
METODOLOXÍA	ALUMNADO CON CONECTIVIDADE
	-As tarefas son publicadas na web.
	ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE
	-As tarefas son publicadas na web do centro e enviadas a través do correo electrónico xa que todo o alumnado dispón de conectividade.
MATERIAIS E RECURSOS	-Os materiais e recursos son proporcionados nas propias tarefas e con enlaces á web

4. Información e publicidade

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none">• A información ao alumnado será a través do correo electrónico; de igual modo se informará ás titorías para o seu posterior traslado ás familias.
PUBLICIDADE	<ul style="list-style-type: none">• Publicación obrigatoria na páxina web do centro.